

# INTERPRETACIÓN DO PATRIMONIO

18ª EDICIÓN!



A Interpretación do Patrimonio é a “arte” de revelar in situ o significado do legado natural e cultural ao público que visita eses lugares no seu tempo de lecer (AIP)

## OBXECTIVOS

Proporcionar a formación básica a través da adquisición dos coñecementos, destrezas e atitudes necesarias para utilizar a Interpretación do Patrimonio como ferramenta de comunicación coa fin de entregar unha información temática, organizada, relevante e amena ao público que visita os espazos con valor patrimonial no seu tempo de lecer, e que fomente neles atitudes de aprezo e custodia polo patrimonio presentado.

## DIRIXIDO A

Persoas que desexen iniciarse no coñecemento e no uso efectivo da disciplina da Interpretación do Patrimonio: xestores de uso público de espazos con interese patrimonial, persoas pertencentes ao ámbito do turismo, guías intérpretes, educadores ambientais, informadores turísticos, educadores en xeral (educación formal e non formal), etc.

## CARACTERÍSTICAS

- Formación online, 35 horas.
- 5 módulos con 6 unidades didácticas.
- Contidos teóricos e exercicios prácticos.

- Materiais en galego e español.
- Seguimento personalizado por parte das titoras.
- Diploma acreditativo.

## PROGRAMA

- **Módulo 1** : Valorar os fundamentos teóricos da Interpretación do Patrimonio como base para o desenvolvemento da tarefa profesional.
- **Módulo 2** : Estruturar a comunicación en torno aos tres alicerces da Interpretación do Patrimonio: coñecemento do recurso, coñecemento da audiencia e coñecemento das técnicas interpretativas.
- **Módulo 3** : Formular ideas clave a transmitir en distintas intervencións interpretativas aplicando os principios metodolóxicos da disciplina.
- **Módulo 4** : Construír mensaxes concretos que xeneren conexións entre os valores do recurso patrimonial que se interpreta e os intereses do público destinatario.
- **Módulo 5** : Avaliar os aspectos básicos das intervencións interpretativas.

## INSCRIPCIÓN

- 20 prazas, por rigurosa orde de inscrición
- 90 € (10% desconto persoas socias da AIP)

INFÓRMATE EN: [www.ceida.org](http://www.ceida.org) - [formacion@ceida.org](mailto:formacion@ceida.org) - 981 630 618

ORGANIZA



IMPARTE



CO APOIO DE

